



DATOS IDENTIFICATIVOS

Educación: Pedagogía social

Materia	Educación: Pedagogía social			
Código	O05G130V01205			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Martínez Román, Rosana			
Profesorado	Martínez Román, Rosana			
Correo-e	rosana.mr@uvigo.gal			
Web	http://http://fcce.uvigo.es/es/docencia/profesorado/rosana-martinez-roman/			
Descrición xeral	Nesta materia abordaremos o estudo e as competencias vinculadas á Pedagogía Social como elementos esenciais na formación do/a Educador/a Social.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
B4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
C1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, lexislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
C2	Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas
C3	Asumir e orientarse segundo valores de igualdade e de cidadanía democrática, e capacitar para a prevención e a mediación en casos de violencia nas súas diferentes manifestacións (simbólica, de xénero, laboral, escolar, sexual, étnica...)
D1	Capacidade de análise e síntese
D4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
D6	Resolución de problemas e toma de decisións
D8	Capacidade crítica e autocrítica
D10	Recoñecemento e respecto de a diversidade e multiculturalidade
D11	Habilidades interpersonais
D18	Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida
D20	Orientación á calidade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Relacionar os coñecementos pedagóxico-sociais procedentes de diversas fontes, entre si, e coa práctica socioeducativa.	A2 A3 A4	B1 B4	C2	D1 D4 D6 D8 D18
Coñecer, a nivel básico, os distintos ámbitos de intervención pedagóxico-social, así como as distintas institucións implicadas en cada ámbito.	A1 A2	B1 B4	C1	D1 D4 D8 D10
Desenvolver novas actitudes e valores (solidariedade, empatía, respecto...), encamiñados a unha intervención pedagóxico-social comprometida cos grupos sociais en situación de marxinación e coa realidade sociocultural galega.	A2	B1	C3	D6 D8 D11 D18 D20
Desenvolver habilidades de comunicación interpersonal e potenciar o traballo en equipo.	A3	B1	C2 C3	D6 D8 D11 D18 D20
Interrelacionar a formación coa profesionalización, tendo en conta os principios éticos que caracterizan o código deontolóxico do educador social	A1 A2 A3	B1	C1 C2	D6 D8 D10 D11

Contidos

Tema

BLOQUE I

Tema 1. Educación Social e Pedagogía Social.

Conceptos básicos.

Tema 2. A Pedagogía Social como referente científico da Educación Social.

Tema 3. A construción histórica da Pedagogía social e Educación Social: antecedentes, orixe e desenvolvemento.

Tema 4. Teorías e correntes contemporáneas na configuración da realidade educativa-social: modelos paradigmáticos.

BLOQUE II

Tema 5. Ámbitos de acción-intervención socioeducativa.

Tema 6. Marco normativo, políticas sociais e de intervención da Pedagogía e Educación Social.

Tema 7. Formación e profesionalización do/A Educador/a social.

Tema 8. Experiencias socioeducativas nos diferentes ámbitos de actuación da Pedagogía Social

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	12.5	15	27.5
Presentación	12.5	15.5	28
Lección maxistral	22.5	20	42.5
Exame de preguntas obxectivas	1	30	31
Exame de preguntas obxectivas	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Traballo grupal enfocado á adquisición de coñecementos sobre unha temática concreta. Utilizaráse unha metodoloxía de aprendizaxe colaborativa que comprende un grupo de procedementos de ensino que parten da organización da clase en pequenos grupos mixtos e heteroxéneos onde o alumnado traballa de forma coordinada entre si para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa propia aprendizaxe.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e o grupo de estudantes o traballo tutelado.

Lección maxistral Exposición dos temas teóricos da materia nas horas de Gran Grupo. Tamén se intercalará a exposición con preguntas ou tarefas dirixidas ao alumnado para comprobar a súa comprensión.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atención grupal e individual en aula e nas sesións titoriais coa profesora no seu despacho.
Presentación	Atención grupal e individual en aula e nas sesións titoriais coa profesora no seu despacho.
Traballo tutelado	Atención grupal e individual en aula e nas sesións titoriais coa profesora no seu despacho.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	
Exame de preguntas obxectivas	

Avaliación		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
	Descrición					
Traballo tutelado	Cada alumna/o realizará un traballo en grupo (2 a 3 persoas) en base aos contidos da materia obxecto de estudo, tutelado pola profesora, e coa posterior defensa e exposición na clase.	10	A1 A2 A3 A4	B1 B4 C3	C1 C2 D6	D1 D4 D8 D10 D11 D18 D20
Presentación	Cada grupo (2 a 3 persoas), realizará unha presentación / exposición á clase a partir da realización do traballo tutelado.	20	A1 A2 A3 A4	B1 B4 C3	C1 C2 D6	D1 D4 D8 D10 D11 D18 D20
Exame de preguntas obxectivas	PROBA A - BLOQUE I Realizarase unha proba para a avaliación das competencias adquiridas que inclúe preguntas pechadas con catro alternativas de resposta. Os/as alumnos/as seleccionarán unha resposta entre as posibilidades. As respostas incorrectas puntuarán negativamente (2 mal restarán 1 ben).	35	A1 A2 A3 A4	B1 B4 C3	C1 C2 D6	D1 D4 D8 D10 D11 D18 D20
Exame de preguntas obxectivas	PROBA B - BLOQUE II Realizarase unha proba para a avaliación das competencias adquiridas que inclúe preguntas pechadas con catro alternativas de resposta. Os/as alumnos/as seleccionarán unha resposta entre as posibilidades. As respostas incorrectas puntuarán negativamente (2 mal restarán 1 ben).	35	A1 A2 A3 A4	B1 B4 C3	C1 C2 D6	D1 D4 D8 D10 D11 D18 D20

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA

O Alumnado que se acolla a modalidade de **avaliación continua** debe ter unha asistencia do 80% tanto en Gran Grupo como en Grupos Medianos. A avaliación continua segue os criterios da guía docente.

Para superar **a parte teórica da materia** ten que realizar **dúas probas obrigatoriamente**, que se realizarán ambas na data oficial de exame:

1.Exame de preguntas obxectivas, tipo test, PROBA A: Ata 3.5 puntos, debendo o/a alumno/a conseguir un mínimo de 1.75 puntos para superar esta proba. Cada dúas preguntas incorrectas no exame, restará unha correcta. **Contidos de**

exame: temas do Bloque I.

2.Exame de preguntas obxectivas, tipo test, PROBA B: Ata 3.5 puntos, debendo o/a alumno/a conseguir un mínimo de 1.75 puntos para superar esta proba. Cada dúas preguntas incorrectas no exame, restará unha correcta. **Contidos de exame: temas do Bloque II.**

Para superar **a parte práctica da materia** hai que obter como **mínimo 0.5 puntos no traballo tutelado e 1 punto na presentación-exposición do traballo** (30% da cualificación total).

Para superar a materia, o alumnado deberá superar todas as probas referidas, obtendo unha cualificación mínima, tanto na parte teórica como práctica, en cada un dos aspectos avaliados.

AVALIACIÓN GLOBAL

O alumnado que no cumpra o criterio da asistencia (80%) se acollerá a **avaliación global**. O alumnado que se acolla a modalidade de avaliación global debe comunicar esta condición a coordinadora da materia ao inicio do cuadrimestre, e a avaliación consistirá en realizar **unha proba de exame e a realización dun proxecto de acción socioeducativa coa posterior defensa e exposición** a profesora da materia.

1.Exame de preguntas obxectivas tipo test: Ata 7 puntos, debendo o/a alumno/a conseguir un mínimo de 3.50 puntos para superar esta proba. Cada dúas preguntas incorrectas no exame, restará unha correcta. Contidos de exame: temas do Bloque II.

2. Realizar un proxecto de acción socioeducativa e defensa-exposición do traballo. Ata 3 puntos, debendo o/a alumno/a conseguir un mínimo de 1.50 puntos para superar o traballo.

- Convocatoria de Xuño/Xullo: as partes da materia superadas na 1ª convocatoria, non serán obxecto de avaliación na 2ª convocatoria, considerándose, polo tanto, como aprobadas neste curso académico.

As **datas oficiais de exames** poden consultarse na **web da Facultade**.

- Observacións:

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Melendro, M.; De Juanas, A. y Rodríguez Bravo, E., **Pedagogía Social. Retos y escenarios para la acción socioeducativa**, 2018, UNED,

CARIDE, J.A., **Las fronteras de la pedagogía social, perspectivas científica e histórica**, 2005, Gerisa,

PETRUS, A., **Pedagogía Social**, 1997, Ariel,

ROMANS, M; PETRUS, A. e TRILLA, J., **De profesión: educador/a social.**, 2000, Paidós,

SÁEZ CARRERAS, J., **Pedagogía Social y Educación Social. Historia, profesión y competencias.**, 2007, Pearson educación,

Úcar, X., **Pedagogías de lo social.**, 2015, UOC,

Bibliografía Complementaria

FREIRE, P., **La naturaleza política de la educación**, 1990, Paidós/ MEC,

PÉREZ SERRANO, G, **Pedagogía Social □ Educación Social. Construcción científica e intervención práctica**, 2003, Narcea,

QUINTANA, J. M., **Pedagogía Social**, 1984, Dyckinson,

RIERA, J., **Concepto, formación y profesionalización de: el educador social, el trabajador social y el pedagogo social.**, 1998, Nau Llibres.,

SÁEZ, J., **La profesionalización de los educadores sociales. Construcción de un modelo teórico para su estudio**, 2005, Revista de Educación,

UNESCO, **Repensar la educación. ¿Hacia un bien común universal?**, 2015, UNESCO,

Querol Duran, R., & Parcerisas, I. C., **Desafíos para la Educación Social en tiempos de cambio.**, 2018, Revista d'intervenció socioeducativa,

SÁEZ, J. y GARCÍA, J., **Pedagogía Social: pensar la educación social como profesión.**, 2006, Alianza,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Diagnóstico e análise de necesidades socioeducativas/O05G130V01303

Educación de persoas adultas/O05G130V01401

Educación para o lecer e o tempo libre/O05G130V01402
Educación social no sistema educativo/O05G130V01304
Habilidades sociais en educación social/O05G130V01404
Intervención socioeducativa para a inclusión social/O05G130V01405
Avaliación de programas socioeducativos/O05G130V01901
Intervención socioeducativa na infancia e adolescencia en situación de risco social/O05G130V01501

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Educación: Educación permanente/O05G130V01203
Educación: Historia da educación social/O05G130V01204

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Teorías e institucións educativas/O05G130V01103

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
